

Persoal

EXPEDIENTE.- 2021/G003/000466

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: LISTAXE PROVISIONAL E DEFINITIVA DO PROCESO PARA PROVISIÓN TEMPORAL A TRAVÉS DE COMISIÓN DE SERVICIOS DO POSTO DE ARQUITECTA/O DE URBANISMO

Na Casa Consistorial do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mío, Secretario Xeral, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN:

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Empregado Público de Galicia e,

Segundo o estipulado na convocatoria e bases reguladoras para a provisión temporal a través do procedemento de Comisión de Servizos do posto de Arquitecta/o de Urbanismo, praza grupo A1, Escala Administración Especial, subescala Técnica Superior, aprobadas por Decreto número 210/2021 de 1 de febreiro de 2021. Por todo o exposto,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidas/os e excluídas/os no devandito proceso de provisión temporal, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDAS/OS:

1. FERNÁNDEZ CASTRO, PABLO MARTÍN

EXCLUÍDAS/OS:

Ningún/ha

SEGUNDO.- Non existindo aspirantes excluídos, elevar a listaxe provisional a definitiva, de conformidade coa base cuarta reguladora desta convocatoria, dando inicio ao proceso coa realización de baremo curricular e entrevista.

TERCEIRO.- Convocar as/aos aspirantes admitidas/os o día 24 de febreiro as 09:30 na Alcaldía- Presidencia da Casa Consistorial para a realización da entrevista.

CUARTO.- Comunicar aos aspirantes que debido ás medidas implantadas polo protocolo municipal de prevención de riscos da COVID-19, deberán personarse na data e horario sinalado na carpa exterior da Casa Consistorial do Concello de Arteixo provistos de DNI ou identificación análoga.

QUINTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos do Concello e na web municipal.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José Carmelo Sánchez Presedo, Secretario Xeral dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).